

BASES DE PARTICIPACIÓN
CURSO DE “MONITOR DE TEMPO LIBRE”**1. INFORMACIÓN XERAL**

O curso de “Monitor de Tempo Libre” estará rexido pola normativa establecida no Decreto 50/2000, do 20 de xaneiro, polo que se refunde e actualiza a normativa vixente en materia de xuventude, e polo Decreto 58/2012, do 12 de xaneiro, polo que se modifica o Decreto 50/2000 e se adapta á Directiva 2006/123/CE, para a obtención do Título Oficial de Monitor de Tempo Libre en Galicia.

Duración:

Fase teórica-práctica: 200 horas

Fase práctica: 150 horas

Datas formación:

- Xuño: 29, 30
- Xullo: 1, 2, 3, 6, 7, 8, 9, 10, 13, 14, 15, 16, 17, 20, 21, 22, 23, 24

Horario: 9:00 a 14:00 e de 16:00 a 21:00.*Lugar:* Centro Cultural e Deportivo de Taragoña

Número máximo prazas: 25 - Número mínimo prazas: 16

2. DESENVOLVEMENTO*Fase Teórico-práctica*

Ten unha duración de 200 horas, organizadas en 20 xornadas de 10 horas cada unha, correspondentes ás materias incluídas no plan de estudos:

MATERIAS	HORAS
Fundamentos pedagóxicos do tempo libre educativo	10
Socioloxía no ámbito do tempo libre	10
Xogos e actividades predeportivas	20
Socorrismo e primeiros auxilios	10
Contextos de intervención no tempo libre	10
Diversidade e inclusión nas actividades de tempo libre	10
Animación á lectura	10
Dinámica de grupos	10
Animación teatral e musical	10

Lexislación, participación e voluntariado	10
Psicoloxía evolutiva e aplicada á educación no tempo libre	10
Expresión artística e manualidades	10
Educación para a igualdade	10
Educación Ambiental	20
Educación para a saúde	10
Educación en valores	10
Técnicas de acampada	20

Avaliación da fase teórico-práctica:

1. Asistencia: o alumnado que acumule máis de 40 horas de ausencia perderá automaticamente a matrícula, sendo cualificado como non apto. As faltas deberán estar debidamente xustificadas.
2. Seguimento docente: teranse en consideración as observacións realizadas polo profesorado e pola coordinación do curso.
3. Traballos: avaliarase a correcta elaboración e entrega dos traballos requiridos polo profesorado dentro dos prazos establecidos.
4. Proba final da parte teórica: cada participante debe elaborar unha programación de tempo libre educativa.

Fase de prácticas

Esta fase poderá desenvolverse segundo unha das seguintes modalidades:

1. Realización de 14 días de actividade intensiva ao aire libre (campamentos, colonias, etc.), estruturados en bloques cunha duración mínima de 3 días.
2. Realización de 150 horas de actividades nunha entidade que desenvolva a súa actividade no ámbito da educación no tempo libre.

As prácticas deberán axustarse a un proxecto de educación no tempo libre, desenvolvido nas súas fases de planificación, execución e avaliación, e dirixido a un colectivo destinatario específico. Será preceptiva a designación dunha persoa responsable de prácticas por parte da entidade receptora.

O alumnado poderá propoñer programas e entidades para a realización das prácticas. No caso de non dispoñer de entidade, o Concello poderá facilitar a súa asignación ao alumnado que así o solicite.

O prazo máximo para a realización das prácticas será de dous anos, contados desde a finalización da fase teórico-práctica.

Durante esta fase, o alumnado deberá presentar a seguinte documentación:

1. Con carácter previo ao inicio das prácticas: unha programación na que se describa o seu contido, incorporando os elementos básicos de toda intervención educativa planificada.
2. Unha vez finalizadas as prácticas: unha memoria individual, de elaboración propia, que inclúa unha síntese da experiencia desenvolvida nas distintas actividades, así como as

correspondentes valoracións individuais e grupais.

- Xunto coa memoria: un informe emitido pola persoa responsable da dirección da actividade.

3. DESTINATARIOS/AS

Requisitos obrigatorios:

- Ter 18 ou máis anos o día que da comezo o curso.
- Estar en posesión dos estudos mínimos obrigatorios (ESO ou similar).

Darase preferencia a

1. Mozos e mozas de entre 18 e 35 anos (ambos inclusive) que estean empadroados no Concello de Rianxo.
2. Persoas empadroadas no Concello de Rianxo
3. Resto de inscricións

4. PREZO DE MATRÍCULA

Prezo: 240 euros.

5. INSCRICIÓN

As solicitudes deberán presentarse do xoves 21 de maio ao venres 12 de xuño (ambos incluídos) no rexistro do Concello de Rianxo, presentando a ficha de inscrición.

A presentación da solicitude implica a aceptación das normas deste procedemento.

6. SELECCIÓN

1. Por orde de inscrición entre os que estean empadroados en Rianxo e teñan entre 16 e 35 anos, ambos inclusive.
2. Por orde de inscrición entre os que estean empadroados en Rianxo.
3. Por orde de inscrición.

7. LISTA DEFINITIVA DE ADMITIDOS/AS

O listado definitivo de admitidos/as publicarase o día martes 16 de xuño na páxina web do Concello de Rianxo www.concelloderianxo.gal e serán avisados mediante correo electrónico. Publicarase o número de rexistro e as iniciais de cada solicitante.

Os admitidos/as terán que solicitar o recibo de pagamento ao Servizo de Xuventude (664181401-xuventude@concelloderianxo.gal), e facer o abono ata o día 23 de xuño.

De non facerse o aboamento, chamarase ao seguinte do listado.

Tanto no caso de non comezar o curso, como de sobrevir na súa participación non se

devolverá a cota de inscrición.

8. DIPLOMAS

Para a obtención do título, os participantes deberán superar as dúas fases establecidas. Unha vez superadas, deberán solicitar o diploma á Xunta de Galicia, realizando previamente o pagamento das taxas correspondentes á expedición do título (11,92 € na actualidade). O pagamento debe efectuarse segundo os procedementos indicados pola Xunta.

9. PROTECCIÓN DE DATOS

Os datos persoais pasarán a formar parte dun ficheiro electrónico propiedade do Concello de Rianxo coa única finalidade de proceder á inscrición na actividade para a que se proporcionan os datos.

Serán unicamente cedidos á empresa adxudicataria os datos identificativos e de contacto dos participantes.

Pode exercer os dereitos de acceso, rectificación, portabilidade e supresión dos seus datos e os de limitación e oposición ao seu tratamento dirixíndose ao Concello de Rianxo, Praza Castelao, 1, 15920 Rianxo, correo electrónico dpd@concelloderianxo.gal, ou mediante o procedemento habilitado para o efecto da Sede Electrónica: sede.concelloderianxo.gal. Se considera que o tratamento non se axusta á normativa vixente, poderá presentar unha reclamación perante a autoridade de control en www.aepd.es. Datos de contacto do delegado de protección de datos: Ramón Santos Pérez, dpd@concelloderianxo.gal